



GALICIA ESTREA A NOVA TEMPADA DE CAZA O VINDEIRO 21 DE OUTUBRO

Mércores, 17 de outubro de 2007

Galicia pecha a veda para a nova tempada de caza o vindeiro 21 de outubro. Serán un total de 26 xornadas, distribuídas ao longo de catro meses, e nas que máis de 60.000 cazadores de toda Galicia poñerán en práctica este deporte nos TECORES galegos.

O período hábil para cazar rematará o 6 de xaneiro e os días nos que se poderá exercer quedan limitados aos xoves, domingos e festivos estatais e autonómicos ademais dos sábados no caso da caza maior. Nos tecores as cotas de capturas serán as que figuren nos plans de aproveitamento cinexético. Nos terreos comúns –libres– non se poderá cazar en grupos maiores de seis cazadores nin coordinadamente en máis dunha cuadrilla.

A caza maior atópase cada vez máis en auxe, un fenómeno común a toda a península e propiciado sobre todo en Galicia polo enmarañamento do monte derivado do abandono de actividades tradicionais. Na nova tempada, a caza para o xabaril será máis extensa e poderá realizarse ata o 27 de xaneiro, mentres que a do gamo e a do cervo remata o 30 de decembro. A caza do corzo levarase a cabo ata o 20 de outubro, e a cabra montés estará vedada.

A caza menor preséntase incerta debida ó declive dos últimos anos, acentuado na franxa máis occidental da Comunidade, por mor da vaga de incendios forestais que tanto condicionou a actividade cinexética o pasado ano. A Federación Galega de Caza segue a ofrece-la colaboración dos cazadores como efectivos na vixilancia e na prevención dos lumes, e aposta pola prohibición da caza durante un ano e non tres como establece a actual Lei de incendios.

En opinión dos afeccionados a este deporte debería promoverse máis a busca de colaboración e posturas comúns con outros colectivos como os agricultores, gandeiros e silvicultores, todos eles afectados pola lacra dos incendios, para que a prohibición da caza nunha marxe ampla de tempo só tivera lugar naqueles casos nos que o hábitat non se recuperase, previa avaliación dos técnicos competentes.



Outro aspecto que preocupa á Federación Galega de Caza son os accidentes que se producen cada ano na práctica actividade cinexética. Dende esta institución insítese unha vez máis na importancia dunha caza segura na que se respecten as normas establecidas na lexislación vixente e as propias de cada cuadrilla de caza. O obxectivo, en palabras do seu presidente, José María Gómez Cortón, é lograr a sinistrabilidade cero.

Referente ós accidentes de tráfico, a Federación reclama ás autoridades competentes unha limpeza e sinalización axeitada das vías públicas, máis pasos de fauna, e unha mellora da visibilidade en toda a rede de estradas para evitalos atropelos.

Caza por danos

Gómez Cortón sinala tamén a importante contribución dos cazadores á sustentabilidade, non só da caza senón tamén dos cultivos, mediante a caza como elemento regulador das poboacións das especies. Esta vertente da caza adoita ser unha actividade necesaria para agricultores e gandeiros, na que os cazadores actuarían como colaboradores, unha vez comprobado o exceso de poboación de determinadas especies coma os xabarís. O presidente da Federación Galega apuntou, a modo de exemplo que “se en dous anos se pararan as cacerías de xabaril o número de exemplares veríase multiplicado por oito ou dez”.

Saúdos.

Gabinete de comunicación.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA